

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non estea destinado á formación: tempo efectivo de traballo.

Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional. 50% o primeiro ano e 60% o segundo ano.



Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

Cal é o valor engadido da FP dual para a empresa?

- A empresa participa activamente no deseño do programa formativo, incorporando os seus procesos e a súa cultura empresarial, cunha maior incidencia na formación práctica do alumnado.
- Constitúe uns dos mellores sistemas de selección de persoal para as empresas, ao participar estas na selección inicial do alumnado, e por ter un coñecemento directo das súas competencias profesionais durante o período formativo.
- Mellora a competitividade, dotando a empresa de capital humano coas mellores habilidades persoais e profesionais, e un alto grao de cualificación.
- A empresa participa da responsabilidade social de fomentar a formación e a empregabilidade das persoas.

Cales son as empresas nas que pode cursar esta FP Dual?

Na actualidade, poderás cursar este ciclo con **TECNORENOVA**, unha das empresas de referencia no sector eólico, tanto nacional como internacional.

Tamén en **NAVANTIA** empresa española referente no deseño e a construción de buques militares e buques civís de alta tecnoloxía.



CIFP FERROLTERRA
Rúa Ramón y Cajal s/n
15403 Ferrol - A Coruña



cifp.ferrolterra@edu.xunta.es
981-333107
f FerrolterraCIFP
cifpferrolterra

Reserva a túa
praza a partir da
2ª quincena de
xuño



Ciclo Superior en Mecatrónica Industrial



Formación Profesional
Formación de Futuro



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Que vou aprender e facer?

- Configurar sistemas mecatrónicos industriais, seleccionando os equipos e elementos que as compoñen.
- Planificar a montaxe e mantemento de sistemas mecatrónicos industriais: maquinaria, equipo industrial, liñas automatizadas de produción, etc., definindo os recursos, os tempos necesarios e os sistemas de control.
- Supervisar e/ou executar os procesos de montaxe e mantemento de sistemas mecatrónicos industriais, controlando os tempos e a calidade dos resultados.
- Supervisar os parámetros de funcionamento de sistemas mecatrónicos industriais, utilizando instrumentos de medida e aplicacións informáticas de propósito específico.
- Diagnosticar e localizar avarías e disfuncións que se produzan en sistemas mecatrónicos industriais, aplicando técnicas operativas e procedementos específicos, para organizar a súa reparación.
- Programar os sistemas automáticos, comprobando os parámetros de funcionamento e a seguridade da instalación, seguindo os procedementos establecidos en cada caso.
- Elaborar a documentación técnica e administrativa para cumprir coa regulamentación vixente, cos procesos de montaxe e co plan de mantemento das instalacións



Plan de formación

Os módulos profesionais deste ciclo formativo son os seguintes:

- Sistemas mecánicos.
- Sistemas eléctricos e electrónicos.
- Procesos de fabricación.
- Sistemas hidráulicos e pneumáticos.
- Configuración de sistemas mecatrónicos.
- Procesos e xestión de mantemento e calidade.
- Integración de sistemas.
- Elementos de máquinas.
- Representación gráfica de sistemas mecatrónicos.
- Simulación de sistemas mecatrónicos
- Proxecto de mecatrónica industrial
- Formación e orientación laboral.
- Empresa e iniciativa emprendedora.

Nota. Os módulos en azul claro están asociados a algunha unidade de competencia.

Cales son as saídas profesionais?

Este profesional exerce a súa actividade profesional en empresas dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, á xestión e supervisión da montaxe e mantemento de sistemas mecatrónicos ou instalacións de maquinaria, equipo industrial e liñas automatizadas ben por conta propia ou allea.



Cualificacións profesionais e Certificados de Profesionalidade:

Maquinaria e equipamento industrial:

- Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de maquinaria, equipo industrial e liñas automatizadas de produción. (IMA377_3 / IMAQ0208)
- Conservador de Ascensores.
- Desenvolvemento de proxectos de instalacións de manutención, elevación e transporte. (Incompleta). (IMA570_3 / IMAQ0210)

